



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

D. JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que proximamente terán lugar na provincia de Lugo 6 cursos de formación de “**AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO**” de 500 h. de duración cada un deles a través do proxecto do Inludes “LUGO EMPLEO-S.A.D.” e no que o Concello de Outeiro de Rei participa ao estar o municipio incluído dentro do ámbito de actuación do proxecto.

As beneficiarias destes cursos serán basicamente mulleres, inscritas coma demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego,(con preferencia as pertencentes a colectivos de exclusión social e cunha titulación de graduado escolar ou certificado de escolaridade, segundo recollen as bases aportadas polo Inludes).

As participantes percibirán durante a formación unha beca do 75% do IPREM. Pódese recibir máis información ou realizar a solicitude nas dependencias municipais contactando coa Técnica de Emprego e Desenvolvemento Local (teléf.: 982 393 408) .

As prazas son limitadas e o prazo de inscrición está aberto ata o 30/11/07.

Outeiro de Rei, 19 de novembro de 2007.

O Alcalde,